

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE XULLO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/823/2008.- María del Carmen Freire Quiñoy.- Vivenda unifamiliar en Pardiñas de Abaixo – Laraño

Lic/497/2008.- Antonio Ramón López Míguez e M^a do Pilar Eiras Eiras.- Modificación do emprazamento da vivenda unifamiliar e edificación auxiliar a construír en San Miguel dos Agros, Tras de Retorno, parcela 540 de concentración parcelaria.

Lic/408/2008.- Isabel López Eiras.- Modificación do emprazamento da vivenda unifamiliar e edificación auxiliar a construír en San Miguel dos Agros, Tras de Retorno, parcela 541-2 da concentración parcelaria.

Lic/2333/2008.- Manuel López Dopazo e Mosbrey, S. L.- Vivenda unifamiliar na parcela 3079-961-3, sita no Agro do Seixo, Aríns.

Lic/2334/2008.- Manuel López Dopazo e Mosbrey, S. L.- Vivenda unifamiliar na parcela 3079-961-4, sita no Agro do Seixo, Aríns.

Lic/2332/2008.- Manuel López Dopazo e Mosbrey, S. L.- Vivenda unifamiliar na parcela 3079-961-2 sita no agro do Seixo, Aríns.

OCIHR

LICENZAS.-

DEVOLUCIÓNS FIANZA

LIC/1222/2009 .- D. FERNANDO VIEITO LIÑARES.- Devolución de Fianza aportada como garantía da licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar (Lic/695/2006) na rúa do Espírito Santo nº39. O importe da fianza é de 1.100 €.

LIC/207/2009 .- D. JOSÉ MANUEL COSTA VALIÑO.- Devolución de Fianza aportada como garantía da licenza de obras de reforma e adecuación volumétrica de edificio (Lic/2020/2005) na rúa de San Roque nº16. O importe da fianza é de 1.000 €.

5.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de conserxería e limpeza nos campos de fútbol de Santa Isabel e As Cancelas e nos Polideportivos de Pontepedriña e Lorenzo de la Torre ata 31-12-2009.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas e iníciase o expediente para a contratación, cun tipo de licitación de 59.661,97 euros máis IVE.

6.- Adxudicación provisional das obras de adecuación exterior da parcela onde se está a construír o edificio destinado a Escola Infantil no Polígono do Tambre.

Apróbase a adxudicación provisional do contrato á empresa OVIGA, S.L., por importe de 70.000 euros máis IVE.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do uso de dous campos municipais.

Apróbase a concesión para a temporada 2009/2010, con carácter gratuíto, do estadio Municipal de San Lázaro e do campo anexo San Lázaro II aos equipos SD Campus Stellae e SD Ciudad de Santiago SAD, que competirán en 2ªB, para adestrar e disputar os seus partidos oficiais como locatarios. Tamén se autoriza o cobro de entrada, a colocación de elementos publicitarios e a prestación do servizo de bar no Estadio de San Lázaro.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do inicio dos trámites para unha transferencia de crédito.

Iníciáanse os trámites para unha transferencia de crédito de 233.000 euros. A cantidade a transferir incluírase como subvencións nominativas no actual orzamento a favor dos seguintes clubs e polas cantidades especificadas: Club A. Lobelle de Santiago, 154.500 euros; Club Arteal Tenis de Mesa, 20.800 euros; Club Tríatlón Bricosa, 18.000 euros; e Club Baloncesto Pío XII, 40.000 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dos gastos de mantemento de instalacións deportivas.

Apróbase un gasto de 18.000 euros en concepto de mantemento de instalacións deportivas.

10.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á liberación do saldo dispoñible na reserva de crédito en concepto de aportación municipal ao proxecto "Santiago contigo".

Acórdase liberar o saldo dispoñible de 127.090 euros, por non ser xa necesaria, ao terse realizado unicamente co fin de garantir a necesaria achega do 50% do proxecto por parte do Concello en caso de terse concedida a subvención.

11.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa a reserva de crédito para pago de gastos de comedor escolar dos meses de maio e xuño de 2009.

Aprobábase a reserva na partida de subvencións non nominativas de 4.800,66 euros en concepto de becas de comedor escolar para o pago dos meses de maio e xuño de 2009.

12.- Aprobación do proxecto de Ordenanza Fiscal da taxa polo servizo de axuda no fogar en substitución do prezo público polo mesmo servizo.

Apróbase o texto definitivo da devandita ordenanza.

13.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de servizos extraordinarios e plus de transporte.

Acórdase o aboamento de diversos servizos, por un valor total de 66.892,02 euros, e do devandito plus de transporte por 1.274,75 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto de ordenanza municipal reguladora das condicións para a instalación de ascensores en edificios existentes de carácter residencial.

Apróbase a devandita proposta de ordenanza, que será sometida á aprobación inicial do Pleno.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección de erro aritmético e material detectado no acordo da sesión do 19 de maio de 2009, relativo ao proxecto de reparcelación do polígono 1 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2.1) de Cornes.

Acórdase corrixir o devandito erro aritmético do seguinte xeito: vivenda 4, 29.293,20 euros; e vivenda 5, 20.698,80 euros. Tamén se estima a corrección dun erro material, acordando o pago de 3.520,80 euros de principal e 53,98 euros de xuros de demora, como cantidade pendente de indemnización por extinción do arrendamento na vivenda 5.

16.- Recepción das obras de urbanización da U-14 do PE-1. Castrón D'Ouro.

Tómase coñecemento da recepción das devanditas obras.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa a Renovación do sitio web maiscompostela.org.

Apróbase a realización da actividade, por unha cantidade de 20.532 euros, así como a contratación da empresa Vieiros Información en Rede para a realización dos devanditos traballos de renovación.

18.- Dar conta do decreto da alcaldía relativo á prórroga do contrato de xestión do sistema de aluguer de bicicletas de uso público na cidade de Santiago de Compostela.

Dáse conta da devandita prórroga do contrato con TUIMIL ELECTRICIDAD S.A. por un prazo de dous meses, a contar dende o 15 de xullo de 2009 ata o 14 de setembro de 2009, nas mesmas condicións nas que se vén prestando na actualidade.

19.- Dar conta polo concelleiro delegado de Festas da xustificación do convenio coa Deputación Provincial da Coruña para o desenvolvemento do "Compostela Festival, Músicas do Mundo", ano 2008.

Dáse conta da devandita xustificación. O importe dos gastos realizados no Compostela Festival 2008 é de 360.491,77 euros.

URXENCIAS

LICENZA FAVORABLE

Lic/195/2009 .- DIRECCIÓN GENERAL DE LA POLICIA.- Remodelación de edificio para a brigada de seguridade cidadá sito na Avenida Rodrigo de Padrón

1.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á adxudicación provisional das obras de albanería,pintura e carpintería nos CEIP e escolas rurais dependentes do Concello.

Adxudícase provisionalmente o contrato á empresa COESISA, S.L, por importe de 104.706,85 euros máis IVE.

2- Nomeamento de funcionario interino por xeración de vacante por xubilación.

Procédese ao nomeamento do devandito funcionario interino para o Parque Móbil ata a provisión con carácter definitivo.

3.- Provisión dun técnico de administración xeral para os servizos económicos municipais.

Noméase ao devandito técnico por un período de seis meses.

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade relativa á prórroga dos servizos dunha psicóloga interina no departamento de Servizos sociais.

Acórdase a prorroga dos devanditos servizos ata a finalización dos programas e cunha duración estimada de cinco meses.

5.-Solicitude de TIENDAS DE CONVENIENCIA AS de autorización para vender bebidas alcohólicas entre as 22 h. do 24 de xullo e as 8 h. do 25 de xullo de 2009.

Denégase a solicitude.

6.- Proposta relativa ao reaxuste de orzamentos do Plan Urbana Santiago Norte.

Apróbase o reaxuste global de accións e orzamentos e o texto do convenio de atribución de funcións como organismo intermedio entre a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e o Concello, así como o anexo ao devandito convenio, no que aparecen a relación de accións e as achegas financeiras do FEDER correspondentes ao programa URBANA SANTIAGO NORTE.